2021/2022

# Programación Didáctica 2º Ed. Primaria



Leticia Campos

Cristina Bellón

CEIP PLURILINGÜE GRAXAL

# Tabla de Contidos


**1. INTRODUCIÓN** ..... 4

**2. CONTEXTUALIZACIÓN** ..... 4

**3. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA** ..... 5

**4. COMPETENCIAS CLAVE** ..... 7

**5. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN** ..... 10

**6. DESENVOLVEMENTO POR ÁREAS** ..... 10

**6.1 Área de Ciencias da Natureza** ..... 10
- a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..... 11
- b) Mínimos exixibles de Ciencias da Natureza ..... 15

**6.2 Área de Ciencias Sociais** ..... 17
- a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..... 18
- b) Mínimos exixibles de Ciencias Sociais ..... 24

**6.3 Área de Lingua Castelá e Literatura** ..... 26
- a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..... 27
- b) Mínimos exixibles de Lingua Castelá e Literatura ..... 36

**6.4 Área de Lingua Galega e Literatura** ..... 38
- a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..... 39
- b) Mínimos exixibles de Lingua Galega e Literatura ..... 49

**6.5 Área de Matemáticas** ..... 51
- a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..... 52
- b) Mínimos exixibles de Matemáticas ..... 58

**6.6 Área de Valores Sociais e Cívicos** ..... 60
- a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..... 61
- b) Mínimos exixibles de Valores Sociais e Cívicos ..... 66

**7. ENSINANZAS TRANSVERSAIS** ..... 68

**8. METODOLOXÍA** ..... 70

**9. TEMPORALIZACIÓN** ..... 73

10. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS QUE SE VAN EMPREGAR .......... 74

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .......... 74

12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .......... 76

12.1 A AVALIACIÓN NOS PROXECTOS .......... 76

12.2 FINALIDADES DO PROCESO ENSINO- APRENDIZAXE .......... 77

12.3 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN .......... 77

12.4 AVALIACIÓN EMOCIONAL .......... 78

12.5 PONDERACIÓN .......... 79

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN COS PLAN E PROXECTOS DE CENTRO .......... 80

13.1 Plan TIC. .......... 80

13.2 Proxecto lector .......... 80

13.3 Plan de convivencia do centro .......... 80

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .......... 81

## 1. Introdución

A Programación Didáctica de Nivel será un dos elementos esenciais do exercicio da autonomía pedagóxica e, a súa vez, o instrumento que facilita a toma de decisións por parte do profesorado, permitindo que estas sexan o máis adecuadas posible ás necesidades educativas do alumnado, ás calidades profesionais do equipo docente e aos medios de que se dispón.

A finalidade desta programación é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes para alcanzar unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, procurándose a integración das súas experiencias e aprendizaxes e adaptándose ao seu ritmo de traballo, de acordo co recollido no Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da Educación Primaria.

Entendemos por Programación ao conxunto de decisións tomadas polo Equipo Docente deste centro educativo co fin de dotar de maior coherencia a intervención didáctica do profesorado.

## 2. Contextualización

**Denominación:** C.E.I.P. Plurilingüe Graxal

**Titularidade:** Pública (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia).

**Niveis educativos que imparte:**

- Segundo ciclo de Educación Infantil
- Educación Primaria

**Servizos complementarios:**

- Comedor (xestionado pola xunta).

**Correo electrónico:** ceip.graxal@edu.xunta

**Páxina web:** www.edu.xunta.gal/centros/ceipgraxal.

O noso centro atópase situado no concello de Cambre, na parroquia de O Temple; a única parroquia costeira do concello, xa que está ubicada a carón da Ría do Burgo. Está encadrado, polo tanto, na área metropolitana da cidade de A Coruña. Está comunicada coa cidade (a 8 km.) por unha autoestrada e unha estrada nacional. É obvio que esta circunstancia condiciona en gran medida:

- a súa densidade de poboación (a máis elevada do concello),

- a idade media da mesma (ó redor dos 36 anos),

- e as características socio-económicas da mesma (clase media e cada vez cunha maior porcentaxe de poboación inmigrante).

É o que poderíamos chamar "barrio dormitorio", se non fose pola situación de desemprego que, cada vez máis, notase nos últimos anos.

E unha zona en crecente desenrolo xa que tamén é a parroquia do concello onde se construíu un maior número de edificios de vivendas, polos motivos arriba mencionados. Isto motiva un aumento da demanda escolar e de servizos complementarios.

Practicamente todo os alumnos residen arredor do colexio; polo tanto non existe servizo de transporte.

A incidencia do paro estase a notar nalgunhas familias de forma negativa, así mesmo, outras reclaman máis servizos polos horarios laborais dos proxenitores.

A lingua vehicular da maioría do alumnado é o castelán, paradóxicamente e, sobre todo os maiores (avós) son galego falantes cando a procedencia é de concellos máis alonxados de Coruña, que son moitos deles. Outros, con todo, deben o descoñecemento do galego á súa procedencia estranxeira.

O colexio consta de dous edificios ben diferenciados: unha parte de recente construción, necesaria ante o aumento da matrícula; que alberga a conserxería, as aulas de EI, zona administrativa, DO, 2º de EP, BE, aulas de PT1 e AL e un aula de usos múltiples. O antigo colexio, conectado ao novo por un corredor, no que está o resto de EP, aula de PT2, aula de Plástica (en inglés) e comedor. Tamén compartimos patio co Pavillón Municipal de Deportes do Temple, no que se imparten as clases de EF e o recreo dos alumnos a partir de 3º de EP.

## 3. Obxectivos de Educación Primaria

Os obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) **Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia**, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) **Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo**, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) **Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos** que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas** entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) **Coñecer e utilizar** de xeito apropiado a **lingua galega** e a **lingua castelá**, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) **Adquirir** en, polo menos, **unha lingua estranxeira** a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as **competencias matemáticas** básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das **ciencias** da **natureza**, as **ciencias sociais**, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das **tecnoloxías da información** e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e **expresións artísticas** e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a **educación física** e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) **Desenvolver** as súas **capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude

contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a **educación viaria** e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á **cultura** e á **sociedade galegas**.

## 4. Competencias Clave

A educación integral da infancia derivou ao longo do tempo en distintas propostas que tratan de afondar no seu desenvolvemento multidimensional.

Unha delas, que nós consideramos fundamental é, a teoría das intelixencias múltiples de Howard Gardner.

O traballo baseado nas intelixencias múltiples axuda de forma significativa a ser máis competente. A competencia é a capacidade de resposta a demandas complexas e levar a cabo tarefas de forma axeitada. Supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Se as intelixencias son múltiples, as competencias clave que imos ter en conta tamén son varias e aínda que abordan diferentes dimensións da persoa relaciónanse entre sí. Como dicía María Montessori: "ensinar detalles é aportar confusión pero establecer as relacións entre as cousas é aportar coñecemento".

As competencias clave do currículo son:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Tal e como representamos no esquema que se observa a continuación, a competencia emocional sería a base onde se asenta e constrúe a nosa formación porque nos predispón positivamente para aprender.

A competencia de aprender a aprender sería unha porta aberta a un mundo de posibilidades onde soamente nós poñeremos límites.

A competencia lingüística, matemática, social e cívica, dixital e conciencia e expresións culturais serían os recursos, "os materiais" que nos axudan a construír os nosos coñecementos, aprendizaxes… en todos os ámbitos.

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor sería o culmen, o obxectivo final dunha boa formación e educación. "Aprender a pensar e actuar creativamente" según necesidades e capacidades, con valores favorecendo a convivencia.


Competencias Clave
Iniciativà e espírito emprendedor
Aprender a pensar creativamente para que as nosas actuacións na vida respondan ao máximo rendemento, dacordo as nosas necesidades e capacidades, con: dereito, responsabilidades, valor, convivencia
Aprender a aprender
Organización e adquisición dunha aprendizaxe significativa segundo:
• as capacidades
• as necesidades
• as oportunidades
• os métodos
Lingüística
Practica de múltiples linguaxes como canle de comunicación:
• Oralidade
• lectura
• escritura
Social e Cívica
Comprensión da realidade social exercendo unha cidadanía respectuosa, activa, solidaria, tolerante e democrática; que facilite unha boa convivencia.
Matemática
Capacidade para enfrontarse con éxito as situación nas que interveñen os números e as súas relacións, permitindo obter información efectiva e resolver problemas da vida cotiá.
Conciencia e expresións culturais
Comprensión e valoración crítica das manifestacións culturais e artísticas, empregándoas como fonte de disfrute, enriquecemento, formación, expresión e creación.
Dixital
As tics enriquecen ao proceso ensino -aprendizaxe como:
- Fonte de información.
- Canle de comunicación.
- Autoavaliación e avaliación.
Emocional
Como nos sentimos predispostos positivamente para aprender.
Habilidades sociais
Autoeficiencia e responsabilidade
Autoestima e autonomía
Autocontrol
Conciencia

## 5. Plan de reforzo e recuperación.

**Avaliación inicial**

Partirase en todo momento dos coñecementos previos do alumnado e das dificultades detectadas nas probas de avaliación inicial, que se realizaron durante os primeiros días de curso.

Farase especial fincapé na comprensión e expresión oral e escrita, lectoescritura, cálculo mental e resolución de problemas.

**Medidas metodolóxicas.**

Seguindo a liña metodolóxica do curso pasado propoñeremos actividades globalizadas, tarefas que fomenten a aprendizaxe cooperativa, uso das TICs, autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo.

Anticipándonos  a un posible confinamento ou situación de cuarentena, ó inicio de curso realizaremos unhas sesións de formación co noso alumnado nas que incidiremos **no uso** da aula virtual.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**

Tendo en conta o Protocolo de Adaptacion ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, establecemos as seguintes medidas preventivas, colectivas e individuais co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19:

-Entradas e saídas da aula en filas mantendo a distancia de seguridade.

-Cartelería recordando as medidas que debemos adoptar.

-Lavado de mans (un mínimo de cinco veces diarias).

-Ventilacións da aula.

**ACTUACIÓNS ANTE OS POSIBLES ESCENARIOS: presencial, semipresencial e non presencial.**

Ante una hipotética situación de COVID e, polo tanto, de non presencialidade ou de semipresencialidade nas aulas; continuarase coa programación enviando as tarefas a través do correo electrónico. Así mesmo, contarase coa Aula Virtual como un medio máis para compartir recursos e actividades coas familias. Isto combinarase coa plataforma Webex para seguir mantendo o contacto e a interacción entre o alumnado e o profesorado.

Os alumnos/as de 2º de Primaria acudirán semanalmente á aula de Informática para iniciarse e poñer en práctica o acceso á Aula Virtual e a realización deste tipo de actividades.

Comprobouse que todo o alumnado ten acceso a Internet e ten á súa disposición ordenador ou tableta con que poder continuar a súa aprendizaxe o máis normalizadamente posible.

**ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Tendo en conta a diversidade presente nas aulas e seguindo os principios de individualización e igualdade de oportunidades, en caso de ensinanza non presencial ou semipresencial os alumnos/as que o precisan continuarán recibindo unha atención individualizada.

# 5. Desenvolvemento por áreas:

## 5.1 Área de Ciencias da Natureza

As ciencias da natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, comprender a nosa contorna e coñecer os avances científicos e tecnolóxicos. A través das ciencias da natureza adquirimos o rigor do método científico na aprendizaxe, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica, que lles axude a afianzar as competencias necesarias para desenvolverse nunha realidade cambiante, cada vez máis científica e tecnolóxica.

A través da área de Ciencias da Natureza os alumnos e alumnas inícianse no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipótese, planificar e realizar actividades, observar,

recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas.

Os contidos están organizados en cinco bloques:

**Bloque 1.** Iniciación á actividade científica.

**Bloque 2.** O ser humano e a saúde.

**Bloque 3.** Os seres vivos.

**Bloque 4.** Materia e enerxía.

**Bloque 5.** A tecnoloxía, obxectos e máquinas.

A área impartirase en lingua galega. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

## a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

| BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| b<br>e<br>h<br>i<br>j | B1.1. Iniciación á actividade científica.<br>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.<br>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. | B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE |
| a<br>b<br>c<br>m | B1.5. O traballo cooperativo.<br>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.<br>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. | B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |

| BOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| b<br>e<br>d<br>h<br>k<br>m | B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano.<br>B2.2. Relación co medio e co seu contorno.<br>B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.<br>B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades.<br>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia, felicidade) e sentimentos propios e alleos. | B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. | CMCCT<br>CCL<br>CSC |
| | | | CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. | CMCCT |
| | | | CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. | CMCCT<br>CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>d<br>h<br>k<br>m | B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.<br>B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen. | B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. | CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. | CMCCT<br>CSC<br>CAA |
| | | | CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. | CMCCT<br>CSC |
| b<br>c<br>e<br>h | B2.8. Pirámide alimentaria.<br>B2.9. Alimentos diarios necesarios.<br>B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria. | B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. | CMCCT |

| BLOQUE 3. OS SERES VIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| g<br>e<br>l | B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes.<br>B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. | CMCCT<br>CCL |
| | | | CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. | CMCT<br>CCL |
| b<br>c<br>e<br>h<br>i<br>j<br>l<br>m<br>o | B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos...<br>B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as.<br>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.<br>B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno. | B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. | CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. | CMCCT<br>CCL<br>CSC |

| BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| a<br>b | B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. | B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais | CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. | CMCCT<br>CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>g<br>h | B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.<br>B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. | para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. | CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. | CMCT<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>g<br>h | B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza.<br>B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. | CMCCT<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |

| BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>m | B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas.<br>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar. | B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. | CMCCT<br>CSC |
| | | | CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. | CMCCT<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián. | | CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. | CMCCT<br>CSC |
| a<br>b<br>h<br>i | B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.<br>B5.5 Coidado dos recursos informáticos. | B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. | CMCCT<br>CD<br>CCL |
| | | | CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | CMCCT<br>CD |

## b) Mínimos exixibles de Ciencias da Natureza

- ✓ CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- ✓ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as no rmas de convivencia.
- ✓ CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
- ✓ CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
- ✓ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
- ✓ CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
- ✓ CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno,empregando diferentes soportes.
- ✓ CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
- ✓ CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.

- ✓ CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
- ✓ CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
- ✓ CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
- ✓ CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.

## 5.2 Área de Ciencias Sociais

O obxecto da área de ciencias sociais é preparar ao alumnado para vivir en sociedade, respectando as regras sociais e democráticas. partindo da realidade máis próxima ata comprender o mundo dun xeito máis global.

Esta área integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

A organización de contidos queda establecido do seguinte xeito:

**Bloque 1.** Contidos comúns.

**Bloque 2.** O mundo no quevivimos.

**Bloque 3.** Vivir en sociedade.

**Bloque 4.** As pegadas do tempo.

Estes bloque establécense para facilitar a concreción curricular da área, pero, en ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

Aproveitaremos os recursos propios da contorna físicos e humanos (diferenzas interculturais).

A área impartirase en lingua galega.

## a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

| BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| b<br>d<br>e<br>h<br>i | B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br>B1.2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1.3.Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.<br>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| | | | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | CSIEE<br>CAA<br>CSC |

<table>
<tr><td rowspan="2">a<br>b<br>c<br>d<br>m</td><td rowspan="2">B1.5.O traballo en equipo.<br>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br>B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material.<br>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</td><td>B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</td><td>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</td><td>CSC<br>CAA</td></tr>
<tr><td>B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</td><td>CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</td><td>CAA</td></tr>
<tr><td>h<br>o</td><td>B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área.</td><td>B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.</td><td>CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.</td><td>CCL<br>CMCCT<br>CSC</td></tr>
<tr><td colspan="5">BLOQUE 2. O MUNDO QUE NO QUE VIVIMOS</td></tr>
<tr><td>OBXECTIVOS</td><td>CONTIDOS</td><td>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</td><td>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</td><td>COMPETENCIAS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">a<br>h<br>i<br>o</td><td rowspan="2">B2.1.Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os uso responsable desta empregando as TIC.</td><td rowspan="2">B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.</td><td>CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.</td><td>CMCCT<br>CD<br>CCL</td></tr>
<tr><td>CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.</td><td>CSC</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. | CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. | CMCCT<br>CD<br>CAA |
| a<br>h<br>o | B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano. | B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles. | CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. | CMCCT<br>CSC<br>CCL |
| | | B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre. | CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. | CMCCT<br>CCL |
| a<br>h<br>e<br>o | B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, | B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a | CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. | CMCCT |
| | | | CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. | CMCCT<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. | conservación desta. | CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural. | CMCCT<br>CSC |
| h<br>e<br>o | B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles. | B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes. | CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. | CMCCT<br>CCL |
| h<br>e<br>o | B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais. | B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. | CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. | CMCCT<br>CCL |
| h<br>e | B2.6.Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima. | B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. | CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. | CMCCT<br>CAA<br>CSIEE |
| **BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE** | | | | |
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| a<br>c<br>h<br>o | B3.1.Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. | B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. | CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B3.2.Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía... | CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. | CSC<br>CCL |
| | | B3.3.Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacifica. | CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacifica | CSC<br>CCL |
| a<br>h<br>d | B3.2.A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais,.. | B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. | CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. | CSC |
| a<br>d<br>h<br>j<br>o | B3.3.Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna. | B3.5.Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. | CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. | CSC<br>CCL<br>CCEC |
| d<br>h<br>e | B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. | B3.6.Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades | CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>g<br>o | B3.5.As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son a as máis usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que<br>empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados. | B3.7.Identificar as profesións que non lle son tan familiares,<br>coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire. | CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. | CSC<br>CCL |
| | | | CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. | CSC<br>CAA |
| a<br>h<br>n | B3.6.Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas. | B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte. | CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. | CSC |

| BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| h | B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década. | B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. | CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. | CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h | B4.2.O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución. | B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. | CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. | CMCCT<br>CAA |
| h<br>g | B4.3.Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte,os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os | B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os | CMCCT<br>CSC |
| | | | CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. | CCL<br>CSC<br>CMCCT |
| h<br>j<br>o | B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación. | B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia | CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. | CSC<br>CCEC |
| h<br>j | B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce. | B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas. | CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións. | CCL<br>CSC |
| | | | CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. | CSC<br>CCEC |

## b) Mínimos exixibles de Ciencias Sociais

- ✓ CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorandoo esforzo e o coidado do material.
- ✓ CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.

- CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano,fai da auga.
- CSB2.2.1. Identifica os lugares onde haiauga na contorna e localiza,en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
- CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.
- CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
- CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.
- CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacifica.
- CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.
- CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
- CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
- CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
- CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.
- CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indica na evolución no tempo de obxectos, persoas, feitosou acontecementos sobre os que se investigou.
- CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola,na súa contorna ou outros feitos próximos expresándooscon criterios temporais.
- CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos histórico.

## 5.3 Área de Lingua Castelá e Literatura

O obxectivo da área de Lingua Castelá y Literatura é o el desenvolvemento da competencia comunicativa aportándolle o alumno os coñecementos necesarios para desenvolverse en calquera situación comunicativa. Para levar a cabo isto centrarémonos en dous procesos: comprensión e expresión oral e compresión e expresión escrita.

Non aprendemos lingua para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. A lingua será unha ferramenta para as relacións e o coñecemento.

Dentro da lingua situamos a literatura como transmisora de cultura, incitadora á fantasía e a creación e á reflexión critica.

A área está dividida en cinco bloques:

**Bloque 1.** Comunicación oral: escoitar e falar.

**Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.

**Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.

**Bloque 4.** Coñecemento da lingua.

**Bloque 5.** Educación literaria.

Para o desenvolvemento de este currículo dividiremos a materia en unidades didácticas que serán repartidas a lo longo das tres avaliacións. En cada unha das unidades serán tratados aspectos de todos os bloques. Segundo a secuencia proposta pola editorial Anaya no proxecto “Aprender es crecer”.

## a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. HABLAR Y ESCUCHAR | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBJETIVOS** | **CONTENIDOS** | **CRITERIOS DE EVALUACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE** | **COMPETENCIAS** |
| a<br>c<br>d<br>e | B1.1. Estrategias y normas básicas para el intercambio comunicativo: participación; escucha; respeto al turno de palabra; respeto por los sentimientos, ideas y conocimientos de los y de las demás | B1.1. Participar en situaciones de comunicación, dirigidas o espontáneas, respetando el turno de palabra y la intervención de los y de las demás. | LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimientos, vivencias y opiniones. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | LCB1.1.2. Aplica las normas socio - comunicativas: escucha, espera de turno... | CCL<br>CAA<br>CSC |
| b<br>e | B1.2. Comprensión y expresión de mensajes verbales y no verbales, y especialmente gestos y tono de voz que complementen el significado del mensaje. | B1.2. Reconocer la información verbal y no verbal de los discursos orales e integrarla en la producción propia. | LCB1.2.1. Integra de manera global los recursos básicos verbales y no verbales para comunicarse oralmente, identificando, de manera global, el valor comunicativo de estos. | CCL |
| | | | LCB1.2.2. Se expresa con una pronunciación y una dicción idónea a su nivel. | CCL |
| a<br>b<br>e | B1.3. Participa en situaciones de comunicación, espontáneas y dirigidas, utilizando una secuencia lineal sencilla. | B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. | LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situaciones de comunicación:<br>- diálogos<br>-exposicioness orales guiadas, con ayuda, cuando proceda, de las tecnologías de la información y de la comunicación. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>e | B1.4. Deducción de las palabras evidentes por el contexto. Interés por la ampliación de | B1.4. Ampliar el vocabulario a partir de las experiencias de aula. | LCB1.4.1. Utiliza el vocabulario acomodado a su nivel. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | vocabulario. Creación de redes semánticas sencillas. | | LCB1.4.2. Identifica por el contexto el significado de distintas palabras. | CCL |
| b<br>d<br>e<br>i | B1.5. Comprensión global de textos orales de diversa tipología y procedentes de diversas fuentes (producción didáctica, grabaciones, medios de comunicación) | B1.5.Reconecer el tema y el sentido general de un texto oral breve y sencillo, de diferente tipología, atendiendo a la forma del mensaje (descriptivos, narrativos, dialogados) y a su intención comunicativa (informativos, literarios y prescriptivos). | LCB1.5.1. Comprende, de forma global, la información general de un texto oral sencillo de uso habitual, del ámbito escolar y social. | CCL<br>CAA |
| | | | LCB1.5.2. Reconoce la tipología muy evidente de textos orales sencillos atendiendo a la forma del mensaje y su intención comunicativa: cartas, anuncios, legislaciones, folletos…. | CCL<br>CAA |
| | | | LCB1.5.3. Responde preguntas correspondientes a la comprensión literal. | CCL |
| b<br>d<br>e<br>i | B1.6. Valorar los medios de comunicación social como instrumento de comunicación. | B1.6. Valorar los medios de comunicación social como instrumento de comunicación.. | LCB1.6.1. Se inicia en la utilización guiada de los medios audiovisuais y digitáis para obtener información. | CCL<br>CD<br>CAA |
| | | | LCB1.6.2. Reconoce de forma global el contenido principal de una entrevista, noticia o debate infantil procedente de los medios de comunicación. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| b<br>e | B1.7. Audición y reproducción de textos adecuados al nivel que estimulen su interés. | B1.7. Reproducir textos adecuados a sus gustos e intereses. | LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios o no literarios, sencillos y breves, acomodados a los sus gustos e intereses. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| b<br>e | B1.8. Dramatizaciones de textos literarios adaptados a la edad y de producciones propias. | B1.8. Dramatizar, de manera colaborativa, textos infantiles. | LCB1.8.1. Adecúa la entonación, el volumen y el gesto a la representación dramática. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>g | B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.<br>B2.13. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.<br>B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas.<br>B2.15. Propiedades conmutativa e asociativa da suma.<br>B2.16. Proba da resta.<br>B2.17. Cálculo de multiplicacións.<br>B2.18. Construción das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...<br>B2.19. Termos da suma, resta e multiplicación.<br>B2.20. Utilización en situacións familiares da sumas, restas e multiplicacións. | B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá. | B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT<br>CSIEE<br>CAA |

| BLOQUE 3. MEDIDA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| g | B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.<br>B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo.<br>B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.<br>B3.4. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.<br>B3.5. Realización de medicións. | B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. | MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. | CMCT |
| | | B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | CMCT |
| | | B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade. | MTB3.3.1.Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade | CMCT |
| b<br>g | B3.6. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.<br>B3.7. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais | B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) | CMCT |
| | | | MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.<br>B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns<br>B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes. | B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | CMCT<br>CAA<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>g | B3.11. Resolución de problemas de medida. | B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |
| **BLOQUE 4. XEOMETRÍA** | | | | |
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| g | B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas.<br>B4.2. Eixes de simetría. | B4.1. Identificar e completar figuras simétricas. | MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría. | CMCT |
| b<br>g | B4.3. Identificación comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.<br>B4.4. Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno.<br>B4.5. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice e ángulo. | B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados. | MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>g | B4.6. Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera.<br>B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición. | B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas. | MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos.<br>B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios. | B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. | MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por escrito o procedemento seguido e as solución obtidas. | B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |
| **BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE** | | | | |
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| b<br>g | B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e | B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, | MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | estatísticas.<br>B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos. | utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas… comunicando a información. | MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade. | B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible. | MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB5.2.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB5.2.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita. | CMCT<br>CAA |

## b) Mínimos exixibles de Matemáticas

- ✓ MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
- ✓ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.
- ✓ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
- ✓ MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
- ✓ MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.
- ✓ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- ✓ MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.
- ✓ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
- ✓ MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.

- ✓ MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
- ✓ MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
- ✓ MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tant o para resolver problemas en situación reais como figuradas.
- ✓ MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.
- ✓ MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
- ✓ MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.
- ✓ MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.
- ✓ MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.
- ✓ MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.

## 5.6 Área de Valores Sociais e Cívicos

Esta área, que forma parte das disciplinas específicas establecida pola LOMCE, pretende formar ao alumnado nos valores socias e democráticos preparándoo para vivir en sociedade,

O obxectivo é orientar ao alumnado para comprender as relacións sociais, para resolver os conflitos de forma axeitada, aprender a dialogar, pensar, respectar aos demais, e crear un sistema de valores que lles permitan participar na vida social de forma pacífica e democrática.

Os contidos están organizados en 3 bloques

**Bloque 1.** A identidade e dignidade da persoa.

**Bloque 2.** Comprensión e respecto nas relacións interpersoais.

**Bloque 3.** A convivencia e os valores sociais.

A área impartirase en lingua castelá.

## a) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

| BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| m | B1.1. O autocoñecemento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional. | B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades. | VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres. | CSC<br>CCL |
| a<br>m | B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento- emoción.<br>B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. | B1.2.Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. | VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal. | CSIEE<br>CAA |
| | | | VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. | CCL<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | CCL<br>CSC |
| b | B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A motivación. | B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. | VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. | CSC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>m | B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. | B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. | VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración. | CSC<br>CSIEE |
| a<br>c | B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos. | B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas escolares. | CSIEE<br>CSC |
| | | | VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia. | CSC<br>CCL |
| **BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS** | | | | |
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| m | B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. | B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. | CAA<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade. | CCL<br>CSC |
| m<br>e | B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. | B2.2. Empregar a aserción. | VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c<br>m | B2.3. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas. | CSC |
| a | B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.<br>B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. | B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. | CSC<br>CSIEE |
| c<br>m | B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. | B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. | VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | CSC<br>CSIEE |
| **BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS** | | | | |
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS** |
| b<br>m | B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. | B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e | VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. | CSC<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.<br>B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.<br>B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.<br>B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | sentimentos.<br>B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| | | | VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | CSC |
| a | B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. | B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. | VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula. | CCL<br>CSC |
| | | | VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar. | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c | B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndeas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente. | CCL<br>CSIEE<br>CSC |
| | | | VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes. | CSC<br>CCL |
| a | B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. | B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo. | VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. | CSC<br>CCAC |
| | | | VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. | CSC<br>CL<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. | CSC |
| d<br>m | B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que | B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a | VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. | igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres. | VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | CSC<br>CSIEE |
| c<br>k | B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.<br>B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade. | B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos. | VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. | CSIEE |
| | | | VSCB3.7.2. Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida. | CCL<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.7.3.Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes. | CCL<br>CSC |

## b) Mínimos exixibles de Valores Sociais e Cívicos

- ✓ VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.
- ✓ VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.
- ✓ VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os
- ✓ dos e das demais nas actividades cooperativas.
- ✓ VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
- ✓ VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
- ✓ VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.
- ✓ VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
- ✓ VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.

- ✓ VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.
- ✓ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.
- ✓ VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

## 6. Ensinanzas transversais

O Decreto 105/2014 (currículo de Educación Primaria en Galicia) especifica, no seu artigo 11.3, unha serie de valores que deben ser traballados transversalmente en Educación Primaria, en todas as áreas. De xeito resumido, a continuación detallamos como integramos cada un deles dentro de cada área:

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero: traballarase a través da coeducación evitando unha educación estereotipada (eliminando roles femininos ou masculinos) para iso, intentaremos eliminar comentarios ou actitudes sexistas, empregaremos vocabulario xenérico, fomentaremos as actitudes e respecto polas capacidades e diferenzas de cada un. Os nenos/as participarán nas actividades dun xeito normalizado.

- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia, pluralidade...): fomentaremos a colaboración entre compañeiros, evitando a discriminación, aceptando as limitacións propias e as dos demais. Así como interiorizar formas non violentas e consensuadas de resolver os conflitos valorando o uso responsable de materiais para evitar actitudes negativas. Estableceremos o uso das asembleas e debates facendo especial fincapé nas normas básicas e insistindo no uso do diálogo. Promoveremos actitudes de respecto polas experiencias, culturas, sensacións e dos sentimentos do resto dos compañeiros e compañeiras. Estableceremos unha pautas para o control das emocións.

- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia: Insistiremos na importancia do dialogo para a solución de conflitos. Intentaremos crear en todo momento un ambiente acolledor e relaxado, no que os alumnos poidan expresar as súas opinións sen medos nin vergoñas. Insistiremos especialmente no valor do perdón como algo enriquecedor e non como un fracaso.

- Prevención do racismo e a xenofobia. Como en outros temas de transversalidade, traballaremos como un aparte, o tema do racismo e da xenofobia. Temas de tanta actualidade nestes momentos históricos que estamos a vivir. Especialmente no noso centro, dado o elevado número de alumnos estranxeiros e doutras culturas cos que temos a sorte de compartir.

- Desenvolvemento sostible e medio ambiente: realizaremos actividades na natureza, por iso ensinaremos aos nosos alumnos/as a interactuar co medio natural respectándoo e coidándoo (creando pautas de comportamento) para poder gozalo e aproveitalo. Aproveitaremos os recursos naturais cos que contamos no noso contorno. Observaremos os cambios que se producen ao noso arredor, ao longo do curso, chegando comprobar a interrelación de todos os elementos dun ecosistema. Fomentaremos o espírito crítico e de responsabilidade en canto a actitudes ecolóxicas ou antiecolóxicas e de consumo. Reforzaremos hábitos de respecto, valorando o papel do ser humano como actor principal no coidado, modificación ou deterioro do medio ambiente.

  Empregaremos material de refugallo para concienciar aos nosos alumnos/as de que non é necesario un consumo indiscriminado de material tal e como se fomenta na nosa sociedade.

- Riscos de explotación e abuso sexual. Dada a pouca idade dos nosos alumnos abordaremos este tema máis como a adquisición de hábitos de autoprotección.

- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC. Dada a pouca idade dos nosos alumnos abordaremos este tema máis como unha ferramenta que nos axuda a reforzar os novos e antigos coñecementos. Obviaremos o uso das redes socias, xa que estas estarán restrinxidas a persoas adultas.

- Protección ante urxencias e catástrofes. Como o uso e coñecemento correcto das sinalizacións, distinguir lugares en mapas e planos. Insistiremos na importancia da autoprotección, prevención de riscos, a colaboración entre iguais. Fomentaremos o importancia do mestra como líder do grupo, sobre todo en situacións especiais (saídas a pé polo entorno, simulacros…).

- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial: intentaremos mostrarlles a utilidades dos coñecementos adquiridos para a súa vida cotiá, favorecendo o seu desenvolvemento persoal e creando un estado de satisfacción. Favorecer un ambiente lúdico de creatividade, desinhibición, e expresión en todos os ámbitos

- Educación e seguridade vial: ensinaremos aos alumnos/as a desprazarse deforma autónoma e segura polo contorno, coñecendo os sinais e normas. Realizaremos simulacións empregando sinais e coñecer o seu significado, traballaremos as normas básicas de seguridade viaria.

Na medida do posible, intentarase incluír o desenvolvemento destes valores nas actividades diarias, en todos as áreas.

## 7. Metodoloxía

A continuación móstrase dunha forma global o xeito no que imos transmitir os contidos segundo o establecido na lexislación vixente e polo equipo de nivel.

Principalmente basearémonos nun traballo *activo* (xa que é importante manter activa a mente do neno/a), *contextualizado*, *globalizado* ou *integrado*, *flexible*, *participativo*, *lúdico*, *constructivo*… achegándonos ás realidades dos nenos e nenas e ás súas diferenzas individuais, baseadas en situacións reais, que fagan os coñecementos significativos e sólidos. Preferentemente o máis importante é o proceso e non nos resultados.

Fomentaremos que o alumnado explore, descubra, cree, e sobre todo valore as súas propias posibilidades.

A partir dunha planificación previa, eliximos os métodos didácticos en función do que xa se sabe, os condicionantes socio-culturais que nos rodean, a natureza da materia, …

Imos orientar, promover e facilitar o desenvolvemento competencial, tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos, con prácticas individuais e cooperativas.

Tratarase de espertar e manter a motivación. Para isto haberá que xerar curiosidade e necesidade de adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Intentaremos que os alumnos se decaten que o que aprenden serve para algo e sexan quen a usalo en distintos contextos, dentro e fora da aula.

Fomentaremos a aprendizaxe cooperativa. Compartirán e construirán os coñecementos mediante intercambios verbais e colectivos de ideas. Utilizaremos a aprendizaxe baseada en proxectos comúns a todo o centro recollidos na PXA, baseados nos centros de interese propostos, fomentaremos a participación activa na resolución de problemas, experimentación, …

Este curso proponse AS CORES DO MUNDO, como tema común para todo o colexio. Integrarémolo en todas as áreas, conxuntamente e complementando os outros proxectos das editoriais.

Para o desenrolo dos diferentes proxectos que abarcaremos este curso seleccionaremos diferentes materiais e recursos, aparte dos libros de texto. Elaboraremos materiais diferentes, axeitados e específicos.

Cabe reseñar que, segundo aconsella a Orden ECD/65/2015, do 21 de enero (BOE, jueves 29 de enero de 2015) este equipo docente traballa totalmente coordinado, tanto na metodoloxía, como na temporalización, elaboración de materiais e posta en común da consecución de obxectivos, así como medidas de reforzo ou correccións a adoptar.

Ademais, respectaranse as **orientacións metodolóxicas** de cada área recomendadas polo Decreto 105/2014, que establece o currículo de Educación Primaria en Galicia:

a) **Naturais**: A metodoloxía científica permitiralles sacar conclusións que exporán aos seus compañeiros, respectando, así mesmo, as conclusións e opinións dos demais, aínda que non coincidan.

b) **Sociais**: A metodoloxía será práctica, de uso social e con carácter funcional. Será un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúan a explorar e comprender a realidade. Ten especial consideración o uso das ferramentas TIC para a búsqueda de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas á área. Tamén son importantes os textos e gráficos (mapas, gráficos) que axuden a identificar a análise axeitada dos procesos históricos e xeográficos.
Aproveitaremos os recursos do contorno, físicos e humanos, para reforzar a aprendizaxe desta área.

c) **Linguas galega e castelá:** Proporemos actividades que os alumnos podan resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Este colexio, ao ter carácter plurilingüe, xa potencia o desenvolvemento comunicativo nas diferentes linguas que van adquirindo pouco a pouco.

Fomentaremos o coñecemento da literatura e a súa relación coas diferentes áreas. Tamén a produción propia mediante traballos individuais e proposta de diferentes obradoiros.

d) **Matemáticas**: Daremos especial importancia aos procesos de resolución de problemas: ler, reflexionar, planificar o proceso de resolución, estratexias e procedementos, revisión, modificación en caso necesario e comprobación da solución. Aínda que os contidos estarán agrupados en bloques, esta organización será aberta, adaptándonos en todo caso aos ritmos individuais..

e) **Valores cívicos e sociais:** Presentaremos situacións reais que propiciarán debates, postas en común, opinións... co obxectivo de traballar as emoción.

## 8. Temporalización

| | Unidades<br>Proxecto globalizado | Semanas aprox. |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 1. ¡A jugar! | 20 de sep. ao 1 de oct. |
| | 2. Aprendemos jugando. | 4 de oct. ao 19 de oct. |
| | 3. En busca de respuestas. | 20 de oct.. ao 3 de nov. |
| | 4. Nuestras investigaciones. | 4 de nov. ao 18 de dec. |
| 2º Trimestre | 5. El planeta azul | 19 de nov. ao de 3 dic. |
| | 6. De oficio, periodista. | 10 de xan. ao 26 de xan. |
| | 7. La naturaleza. | 27 de feb. ao 11 de feb. |
| | 8. Tu ayuda suma. | 14 de febr. ao 4 de mar. |
| 3º Trimestre | 9. ¡Qué curioso! | 7 de mar. ao 25 de mar. |
| | 10. ¡Cámara y acción! | 19 de abr. ao 3 de maio |
| | 11. La línea de mi vida. | 4 de maio. ao 18 de maio |
| | 12. A lo largo del tiempo. | 19 de maio ao 3 de xuñ. |

## 9. Organización de espazos e recursos que se van empregar

**Espazos**

| Espazos | |
|---|---|
| **Aula** | ▪ Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...).<br>▪ Distribución posible en grupos, asemblea, recunchos temáticos e traballo individual… |
| **Espazos comúns** | ▪ Patio, aula de usos multiples, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática... |
| **Espazos exteriores (biblioteca, visitas…)** | ▪ Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo. |

**Materiais e recursos didácticos:**

- Recursos educativos (Internet).
- Ordenador de aula.
- Proxector, pizarra dixital.
- Aula de informática.
- Biblioteca do centro e de aula.
- Materiais manipulativos.
- Materiais curriculares:
  - ✓ Libros de texto.
  - ✓ Fichas de ampliación e reforzo.

## 10. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos. Empregaranse as medidas que se consideren máis convenientes, segundo os casos, tales como:

- Apoio dentro do grupo ordinario: aprendizaxe cooperativo, actividades de reforzo, ampliación, traballo individual, ensino titorado, plans individuais (dirixidos a alumnos que o requiren: estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- Apoio ocasional fóra do grupo ordinario.
- Adaptacións curriculares: Os contidos mínimos da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.

# 11. Procedementos e instrumentos de avaliación

## 11.1 A avaliación

A avaliación consiste nun proceso sistemático e rigoroso, incorporado o proceso educativo dende o comezo, de maneira que sexa posible dispoñer de información significativa para:
- Coñecer a situación.
- Valorar
- Tomar decisións co fin de mellorar progresivamente.

Quen a fai?
- Titor/a
- Equipo docente
- Claustro (en algúns momentos como por exemplo memoria da practica docente)

A quen?
- Alumnado
- Profesorado
- Práctica educativa
- Familias
- Comunidade educativa

Ao inicio (avaliación inicial)
- Análise da situación social.
- Ideas previas (recollida e instrumentos para reflexar as ideas previas: fotomural, dramatizacións, asembleas, torbellino de ideas, debuxos, diarios…)

No transcurso (avaliación sistemática)
- Análise do traballo individual e en equipo.
- Produción de textos escritos e orais.
- Observacións sistemáticas.
- Análise das producións.

Ao final (avaliación final)
- Reflexionar sobre o aprendido.
- Probas persoais: análise das producións, entrevistas , conversas.




- Nas titorías.
- Nas sesións de avaliación.
- Nas reunións do equipo docente.
- Nos intercambios ocasionais co profesorado implicado na aula.
- Nas reunións e contactos con axentes da comunidade educativa (consellerías de cultura, Moucho…).

- Suxeita a normativa: orde de avaliación (Orde do 20 de abril de 2016).
- Currículo de educación primaria (Decreto 105/2014 do 4 de setembro).
- Finalidade: enriquecer e reorientar todo o proceso ensino/aprendizaxe.

Con diferentes instrumentos nos distintos momentos avaliativos: conversas, asembleas, libretas, libros, fichas…

Con diferentes informes correspondentes a distintos momentos:
Individualizado
- Informe de avaliación inicial.
- Informe trimestral para as familias.
- Entrevistas coas familias.
- Informe de ACI ou reforzo se é necesario.

Grupal
- Informe de avaliación trimestral do grupo clase. Propostas de mellora.
- Informe final e valoración. Propostas de mellora.

## 11.2 Finalidades do proceso ensino-aprendizaxe

- Lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos (físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo) en estreita colaboración coa comunidade educativa.
- Procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento.
- Potenciar a transmisión de valores que favorezan a liberdade individual, a responsabilidade, o espírito democrático, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, axustiza, a prevención de conflitos e a resolución pacifica dos mesmos, a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

## 11.3 Avaliación da programación

| **AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE** | | |
|---|---|---|
| 1. Aprendizaxes alcanzados polo alumnado e procedemento de avaliación. | | |
| | | |
| 2. Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas. | | |
| | | |
| 3. Medidas de atención á diversidade aplicadas. | | |
| | | |
| 4. Clima de traballo na aula. | | |
| | | |
| 5. Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa. | | |
| Profesorado | Alumnado | Familias |
| 6. Propostas de mellora. | | |
| | | |

## 11.4 Avaliación emocional

| Ficha de observación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nome do alumno:**<br>**Curso:** | | | | |
| **Actitude/conduta** | **1** | **2** | **3** | **Observacións** |
| 1. Segue as indicacións dadas. | | | | |
| 2. Postura ao sentarse. | | | | |
| 3. Linguaxe. | | | | |
| 4. Motivación cara a actividade. | | | | |
| 5. Interese pola materia. | | | | |
| 6. Esforzase | | | | |
| 7. Rende de acordo as súas capacidades. | | | | |
| 8. Autonomía (logra realizar as tarefas por sí solo) | | | | |
| 9. Estado de ánimo (alegre, triste, preocupado, temoroso…) | | | | |
| 10. Respecta as regras. | | | | |
| 11. Relacionase adecuadamente co profesor. | | | | |
| 12. Control de impulsos (ton de voz, uso adecuado da palabra…) | | | | |
| **Observacións finais** | | | | |

## 11.5 Ponderación

Para a avaliación das distintas áreas teranse en conta distintos criterios. Todos eles serán avaliados de forma obxectiva a partir de rúbricas.

| Criterios | Porcentaxe | Instrumentos |
|---|---|---|
| Valoración dos contidos e competencias adquiridas<br>• Realización adecuada do traballo | 30% | • Rexistros de aprendizaxe orais e escritos. |
| Valoración do traballo:<br>▪ Realización adecuada do traballo.<br>▪ Entrega no tempo das tarefas que se mandan para a casa.<br>▪ Organización dos materiais.<br>▪ Presentación das tarefas.<br>▪ Coidado e boa presentación do caderno de traballo.<br>▪ Resolución e comprensión dos problemas.<br>▪ Cálculo mental.<br>▪ Exposicións orais.<br>▪ Lectura.<br>▪ Caligrafía.<br>▪ Expresión oral. | 50% | • Libro de texto.<br>• Rexistro de actividades de aula.<br>• Rexistro da entrega das tarefas que se envían para a casa.<br>• Rexistro de organización de materiais.<br>• Rexistro das tarefas do caderno.<br>• Rexistro da organización dos materiais.<br>• Rexistro da caligrafía.<br>• Rexistro da lectura.<br>• Rexistro da expresión oral.<br>• Rexistro da exposición oral.<br>• Rexistro da resolución e comprensión dos problemas.<br>• Rexistro do cálculo mental. |
| Valoración de actitudes na aula:<br>▪ Atención<br>▪ Participación<br>▪ Esforzo<br>▪ Colaboración<br>▪ Autonomía<br>▪ Respeto das normas e rutinas da aula<br>▪ Traballo en parella<br>▪ Traballo en equipo | 20% | • Rexistro de participación.<br>• Rexistro de actitude na aula.<br>• Rexistro do traballo en equipo. |

A área de Valores sociais e cívicos, polo seu carácter, terá unha avaliación diferente ás demáis. Seguiranse os seguintes criterios:

| Criterios | Porcentaxe | Instrumentos |
|---|---|---|
| Valoración do traballo:<br>▪ Realización adecuada do traballo.<br>▪ Organización dos materiais.<br>▪ Presentación das tarefas. | 40% | • Rexistro de actividades de aula.<br>• Rexistro de organización de materiais. |

| | | |
|---|---|---|
| Valoración de actitudes na aula:<br>▪ Atención<br>▪ Participación<br>▪ Esforzo<br>▪ Colaboración<br>▪ Autonomía | 60% | • Rexistro de participación.<br>• Rexistro de actitude na aula.<br>• Rexistro do traballo en equipo.<br>• Rexistro do coidado dos materiais e recursos. |

# 12. Accións de contribución cos plan e proxectos de centro

A continuación explícase a relación das áreas con cada un dos plans e proxectos do centro escolar:

## 12.1 Plan TIC.

O Plan de introdución das TIC é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas á implantación no uso das novas tecnoloxías, así como a súas estratexias, metodoloxía e niveis competencias.

O alumnado acudirá a aula de informática unha sesión semanal coincidindo coa área de Ciencias Sociais, para utilizar algunha ferramenta relacionada con esta área. Tamén empregamos os recursos dixitais propostos pola editorial coa que traballamos. O uso da pizarra dixital está totalmente normalizado no traballo diario. Ademais utilizamos outras ferramentas para complementar ou ampliar os contidos (tiching, jclic, power point…).

## 12.2 Proxecto lector.

O Proxecto lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas.

Nel detállanse os obxectivos e as actuacións respecto ao tempo diario de lectura. Dende as diferentes áreas fomentarase a hábito lector a través da biblioteca de aula, biblioteca do centro, intercambio de libros entre iguais, trono dos contos (todas as semanas un alumno encargarase de contar, dramatizar,… un conto ou outro tipo de texto literario, aos seus compañeiros. Para isto teñen á súa disposición un recuncho específico na aula e unha cadeira decorada a modo de trono, de ahí o nome da actividade. A mestra pode gravar dita exposición para enviarlla aos pais), mochila viaxeira (actividade promovida pola BE), itinerario lector (tamén parte da BE).

## 12.3 Plan de convivencia do centro.

O Plan de convivencia é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas a tratar de implicar aos distintos sectores da comunidade educativa na mellora do clima de convivencia, os procedementos de actuación orientados á prevención de conflitos e á consecución dun adecuado clima no centro así como as funcións, dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa en canto á convivencia escolar.

Dende todas as áreas desenvolveranse actitudes relacionadas cunha boa convivencia e respecto.

## 13. Actividades complementarias e extraescolares

Debido as circunstancias especiais deste curso todas as actividades complementarias e extraescolares ralizaranse en función da evolución e das directrices establecidas por órganos competentes.